
INFORME DE VALORACIÓN
CORRESPONDENTE AOS Criterios que
dependen dun xuízo de valor do
PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO
SERVIZO DE MANTEMENTO DE EQUIPOS E
REDES INFORMÁTICAS DO CONCELLO DE
CANGAS DO MORRAZO
Número de expediente 4508/2024



CONTENIDO

1	INTRODUCCIÓN	3
2	NOTAS SOBRE O CÁLCULO DE PUNTUACIÓNS	4
3	DETALLE PORMENORIZADO	5
3.1	Descrición do servizo (máximo 25 Puntos)	5
3.1.1	Mellor plan de traballo (máximo 10 Puntos).....	5
3.1.2	Plan de melloras proposto para a entidade (máximo 8 puntos)	6
3.1.3	Medios físicos e lóxicos (máximo 5 puntos).....	7
3.1.4	Plan de transición, transferencia do coñecemento e devolución do servizo (máximo 2 puntos).....	8
3.2	Organización do equipo de traballo (máximo 15 Puntos)	8
3.2.1	Equipo humano ofertado (máximo 10 Puntos).....	8
3.2.2	Mecanismos de coordinación e xestión do equipo de traballo (máximo 3 Puntos)	9
3.2.3	Plan de formación (máximo 2 Puntos)	10
3.3	Mecanismos de seguridade e control (máximo 5 Puntos)	11
3.3.1	Modelo de relación co concello e de seguimento do proxecto (máximo 3 Puntos)	11
3.3.2	Plan de calidade (máximo 2 Puntos).....	12
4	EXCLUSIÓNS	13
5	RESUMEN DE PUNTUACIÓNS	14
6	CONCLUSIONES	15



1 INTRODUCCIÓN

O presente informe, elaborado polo servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, se leva a cabo trala solicitude de colaboración realizada polo Concello de Cangas do Morrazo ao Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) na data **15 de febreiro de 2024**.

Mediante esta petición de colaboración o concello de Cangas do Morrazo solicitou á Deputación de Pontevedra a designación de persoal técnico provincial para participar como asesor especialista do órgano e da mesa de contratación no seu procedemento de adxudicación do **SERVIZO MANTEMENTO DE EQUIPOS E REDES INFORMÁTICAS DO CONCELLO DE CANGAS DO MORRAZO**, con Número de Expediente: **4508/2024**.

O obxecto deste informe é valorar os distintos criterios non avaliábeis mediante fórmulas das propostas que os licitadores presentaron co fin de optar o contrato.

O contrato comprende as tarefas relacionadas cos servizos de mantemento do equipamento informático e redes informáticas do concello de Cangas do Morrazo segundo os requirimentos recollidos no Prego de Prescricións Técnicas, en diante PPT. A definición das características técnicas obxecto do contrato se describen no Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares, en diante PCA.

O PCA expón unha serie de criterios avaliábeis baseados en xuízos de valor, detallados no apartado “7.A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR”. Nas seguintes seccións calcúlanse as puntuacións obtidas polas ofertas técnicas achegadas polos distintos licitadores.

A empresa licitadora que se presentou ao procedemento obxecto do presente informe técnico foi a seguinte:

- **BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L** - En diante BALIDEA.



2 NOTAS SOBRE O CÁLCULO DE PUNTUACIÓNS

Nas seguintes seccións se calculan as puntuacións obtidas pola proposta achegada polo licitador atendendo ao reflectido no PCA no apartado dedicado a avaliación dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

Realizouse a división de **corenta e cinco (45) puntos** obxecto do cálculo da oferta entre os distintos criterios, tomando como referencia o reparto de puntos indicada no PCA para cada apartado.



3 DETALLE PORMENORIZADO

A continuación, preséntanse de modo detallado as puntuacións acadadas na oferta presentada pola empresa licitadora atendendo a cada un dos criterios especificados no PCA.

3.1 Descrición do servizo (máximo 25 Puntos)

Se valoran nos seguintes apartados acordo aos puntos establecidos no PCA.

3.1.1 Mellor plan de traballo (máximo 10 Puntos)

O licitador BALIDEA propón na súa oferta un plan de traballo formado por un plan de execución apoiado nun cronograma de traballo que se concreta de forma práctica e pormenorizada asociado ao servizo. Na súa oferta este licitador tamén concreta de forma pormenorizada o conxunto de obxectivos, actividades principais e entregables que se contemplan para cada unha das fases identificadas dentro do plan de traballo proposto. As fases contempladas dentro do plan de traballo fan referencia ao seguimento e control, aseguramento da calidade, posta en marcha do servizo, execución do servizo, devolución do servizo e garantía. Dentro do plan de traballo proposto este licitador dalle un peso especial aos aspectos relacionados coa formación, tanto do persoal técnico da empresa coma do persoal do concello. O licitador BALIDEA propón levar a cabo os traballos contemplados para o contrato tomando como referencia o estándar de metodoloxía Information Technology Infrastructure Library (ITIL) combinando as propiedades que este estándar de metodoloxía de xestión de servizos posúe nas súas versións 3 e 4, PMBOK versión 7 e distintas normativas ISOS de aplicación, apoiando a xestión do servizo na ferramenta GLPI. O licitador achega un esquema no que se visualiza de forma pormenorizada os distintos marcos metodolóxicos normativos aplicables aos distintos ámbitos do servizo. O licitador achega tamén unha relación pormenorizada das aplicacións prácticas concretas que serán levadas a cabo dentro de cada marco normativo en relación co servizo/actividade previsto para o servizo.



Valoramos a oferta achegada polo licitador como suficiente e axeitada para o servizo que se require.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Mellor plan de traballo	10,00	9,00

3.1.2 Plan de melloras proposto para a entidade (máximo 8 puntos)

O licitador BALIDEA achega na súa oferta un resumo do estado actual das infraestruturas do concello no ámbito físico, virtual, de rede, de backup e de seguridade, para as que sinala a súa configuración e os actuais puntos débiles ou carencias observables. Sobre este estado actual o licitador propón o seguinte plan de melloras (non incluídas no alcance da oferta):

- 1) Dispoñer de 2 servidores con a lo menos 128GB de RAM cada un.
- 2) 1 Cabina de almacenamento con a lo menos 20TB netos.
- 3) A renovación do SAI actual con soporte de provedor e características axeitadas para soportar toda a infraestrutura a respaldar.
- 4) Conservar o equipamento de rede actual revisando as actualizacións de Firmware necesarias para solucionar vulnerabilidades.
- 5) Adquisición de licenza VSphre para a xestión mediante os dous ESX as MV do concello con alta dispoñibilidade.
- 6) Segmentar a rede do concello en VLANs e revisar o encaixe dos dispositivos Wifi Meraki.
- 7) Engadir o uso de discos USB intercambiáveis para o Backup Externo.
- 8) Adaptación das melloras acordo ao ENS requirindo acceso en modo lectura ao firewall de Vodafone.
- 9) Desactivar os portos RJ45 non utilizados.



- 10) Xestionar o horario de dispoñibilidade do servizo de Wifi e o seu acceso por parte dos usuarios.
- 11) Implementación de dobre factor de autenticación nas aplicacións de xestión remota de equipos.
- 12) Muda de sistema de antivirus a EDR.
- 13) Normalización de licenciamiento e desinstalación de software non licenciado.
- 14) Disposición de ferramenta para o control de intentos de logins incorrectos contra o dominio.
- 15) Muda de actualización de contrasinais xerais do concello.
- 16) Disposición dun servidor de impresión.

Valoramos a oferta achegada polo licitador como suficiente e axeitada para o servizo que se require.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Plan de melloras proposta para a entidade	8,00	7,00

3.1.3 Medios físicos e lóxicos (máximo 5 puntos)

O licitador BALIDEA achega na súa oferta a relación de medios tecnolóxicos (portátiles, smartphones, etc.) e loxísticos (oficinas, vehículos, repostos, etc.) postos a disposición do servizo ben directamente ou por medio do persoal asignado ao mesmo.

A oferta resulta suficiente e axeitada para dar resposta ao requirido para o servizo por parte do Concello de Cangas.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:



CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Medios físicos e lóxicos	5,00	5,00

3.1.4 Plan de transición, transferencia do coñecemento e devolución do servizo (máximo 2 puntos)

O licitador BALIDEA achega na súa oferta un plan de transición e devolución do servizo estruturado no que se identifican claramente as responsabilidades que cada rol correspondente a cada entidade terá durante a fase de devolución do servizo. O licitado detalla de forma pormenorizada como se levará a cabo a devolución, o calendario que aplicará, o sistema de control de calidade aplicado a mesma e como se levará a cabo a execución dos traballos durante esta fase do servizo.

Se valora como suficiente e axeitada a oferta achegada polo licitador BALIDEA por achegar un plan de traballo pormenorizado que se axusta ao requirido para esta fase do contrato.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Plan de transición, transferencia do coñecemento e devolución do servizo	2,00	2,00

3.2 Organización do equipo de traballo (máximo 15 Puntos)

Se valoran nos seguintes apartados acordo aos puntos establecidos no PCA.

3.2.1 Equipo humano ofertado (máximo 10 Puntos)

O licitador BALIDEA achega na súa oferta a relación de integrantes do equipo humano proposto para o servizo, que estará composto polos seguintes perfiles:



- 1 Responsable de conta.
- 1 Responsable de calidade.
- 1 Coordinador.
- 1 técnico de mantemento.
- 2 técnico/as de apoio.
- 1 Equipo de apoio especializado no ámbito da ciberseguridade formado por:
 - 1 Coordinador de ciberseguridade.
 - 1 Equipo de consultores en ciberseguridade.

Este licitador achega unha relación dos currículos de cada profesional e certificacións postas a disposición do servizo.

A oferta achegada polo licitador coa proposta de equipo humano para o servizo resulta suficiente e axeitada para o servizo requirido. Valoramos a posta a disposición do servizo dun equipo de consultores en materia de ciberseguridade, sendo este un aspecto relevante que claramente aporta valor engadido ao servizo, proporcionando ao Concello una ferramenta de gran utilidade para a xestión da súa seguridade.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Equipo humano ofertado	10,00	9,00

3.2.2 Mecanismos de coordinación e xestión do equipo de traballo (máximo 3 Puntos)

O licitador BALIDEA achega na súa oferta un detalle pormenorizado da organización do equipo, do conxunto de tarefas que se encadran asociadas a cada un dos perfís que se porán a disposición do contrato, do currículo



asociado a cada un dos perfís e da matriz de responsabilidades de cada perfil en función das distintas actividades contempladas para o contrato.

Valoramos a oferta achegada polo licitador BALIDEA por achegar, de forma pormenorizada, unha matriz de responsabilidades para o equipo de traballo na que se define de forma clara e concreta cales son as actividades nas que responde cada un dos perfís clarificando a estrutura organizativa do persoal, a estruturación de funcións e o reparto de responsabilidades.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Mecanismos de coordinación e xestión do equipo de traballo	3,00	3,00

3.2.3 Plan de formación (máximo 2 Puntos)

O licitador BALIDEA achega na súa oferta un plan de formación que contempla formación continua para o equipo do adxudicatario posto a disposición do contrato como para o equipo do Concello de Cangas que participará directamente no contrato. Este licitador achega un detalle pormenorizado no que se concreta o número de horas de accións formativas asociadas a cada ámbito (Técnico-Funcional, Metodoloxía e ferramentas, tecnolóxico, seguridade e ciberseguridade, funcional) e perfil concreto ao que vai dirixido. Este plan tamén concreta unha serie de accións formativas continuas a levar a cabo dentro do contrato con distintas periodicidades. Este licitador tamén contempla un plan de formación externo (Concello de Cangas) que contempla 2 cursos, un de Microsoft Office e outro de Seguridade Informática de 16 horas cada un pensado para 15 asistentes cada un para os que se concreta o temario e o modelo de avaliación dos mesmos. Como ferramenta de formación online este licitador propón na súa oferta a utilización da ferramenta de xestión do aprendizaxe (LCMS) para axudar aos formadores e a creación de comunidades de aprendizaxe en liña Moodle.



Valoramos a oferta presentada polo licitador como suficiente e axeitada para o contrato requirido. Valoramos a oferta por ser concreta, detallada e axeitada para o servizo que se require ao especificar a tipoloxía das formacións a levar a cabo, o número de horas propostas, temarios, nº de asistentes previstos, número de sesións anuais etc.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Plan de formación	2,00	2,00

3.3 Mecanismos de seguridade e control (máximo 5 Puntos)

Se valoran nos seguintes apartados acordo aos puntos establecidos no PCA.

3.3.1 Modelo de relación co concello e de seguimento do proxecto (máximo 3 Puntos)

O licitador BALIDEA propón na súa oferta un modelo de relación que ten en conta os perfíles adscritos a execución do contrato e unha serie de perfíles de Dirección, Seguimento e entrega de proxecto. Este licitador achega un esquema no que presenta como interactiva as distintas áreas (estratéxica, táctica e operativa) contempladas no servizo cos distintos perfíles a nivel de dirección, coordinación e execución. O licitador contempla a realización de xuntanzas periódicas para o seguimento do estado do proxecto e identifica na súa oferta unha serie de riscos relacionados co servizo que serán controlados.

A oferta achegada polo licitador se considera axeitada e suficiente en relación ao servizo que se require. Non se lle puntúa en máximos por non achegar un detalle concreto da ferramenta a utilizar para o rexistro das actividades.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:



CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Modelo de relación co concello e de seguimento do proxecto	3,00	1,00

3.3.2 Plan de calidade (máximo 2 Puntos)

O licitador BALIDEA propón na súa oferta definir unha estrutura que permita organizar e facer seguimento dos traballos realizados no ámbito do contrato. Este licitador propón unha estrutura xerarquizada cos distintos compoñentes que integran o grupo de traballo para levar a cabo tarefas relacionados co seguimento e organización das accións do servizo. O licitador define unha serie de niveis para as tarefas de dirección, organización e distribución do equipo de traballo e concreta de forma pormenorizada o conxunto de tarefas que cada un dos niveis levará a cabo para garantir o proceso de calidade. Para a xestión destes aspectos o licitador empelara en función do nivel distintas metodoloxías como son ITIL, Métrica V3, Scrum, CMMI.

Valoramos a proposta achegada polo licitador BALIDEA por ser concreta e axeitada ao servizo requirido. O licitador define un plan de calidade concreto onde se identifican claramente os estándares de metodoloxía a utilizar, se propoñen uns niveis de actuación e se indican as accións concretas aplicadas a cada un destes niveis, que son axeitados para o servizo requirido.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Plan de calidade	2,00	2,00



4 EXCLUSIÓNS

Non se atopa ningún criterio que motive a exclusión da oferta presentada polo licitador.



5 RESUMEN DE PUNTUACIONES

Tras a aplicación das distintas puntuacións a oferta da empresa licitador, inclúese a continuación a táboa que reflicte o total obtido da suma dos apartados de valoración expostos ao longo do presente documento.

CRITERIO	Máximo	BALIDEA
Descrición do servizo	<u>25,00</u>	<u>23,00</u>
Mellor plan de traballo	10,00	9,00
Plan de melloras proposto para a entidade	8,00	7,00
Medios físicos e lóxicos	5,00	5,00
Plan de transición, transferencia do coñecemento e devolución do servizo	2,00	2,00
Organización do equipo de traballo	<u>15,00</u>	<u>14,00</u>
Equipo humano ofertado	10,00	9,00
Mecanismos de coordinación e xestión do equipo de traballo	3,00	3,00
Plan de formación	2,00	2,00
Mecanismos de seguridade e control	<u>5,00</u>	<u>3,00</u>
Modelo de relación co concello e de seguimento do proxecto	3,00	1,00
Plan de calidade	2,00	2,00
TOTALES	45,00	40,00



6 CONCLUSIONES

Da análise realizada sobre a totalidade da documentación achegada polo licitador na súa oferta orixinal, conclúese que o licitador BALIDEA obtén a puntuación total de **40,00 puntos**.

